

CONSIDERACIÓN SOBRE AS ORIXES GALEGAS DA LINGUA DO BRASIL

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Universidade da Coruña

1. Introdución

Nos últimos séculos (e mesmo na actualidade) lévase vivindo na Galiza a conflituosa relación galego/portugués con apaixonamento e grande interese, sobre todo desde o ámbito galeguista. Porén, temos a impresión de existir unha grande indiferenza en Portugal e no Brasil (e en xeral en todo o ámbito da lusofonía) a respecto da propia existencia do galego (e da Galiza) e dos seus vínculos históricos co portugués e brasileiro, coas consabidas e moi destacadas excepcións. De certo, a importancia que o portugués ten para o futuro do galego non é equiparábel coa que este representa para o portugués. Desde a Galiza temos interese en insistirmos neste vello tema, agora aquí no Brasil aproveitando a magnífica oportunidade deste encontro de intercambio universitario, porque os galegos e galegas que estamos a loitar por garantirmos o futuro do noso idioma na Galiza gostaríamos de contar coa axuda e a comprensión de Portugal e do Brasil para o conseguirmos.

O tema que subxace nestas reflexións que pretendemos facer é o da identidade da Galiza como nación a través da óptica do idioma propio, síntese da súa personalidade histórica e principal sinal de identificación colectiva. A especial condición do galego como romance que, por unha parte, xerou o portugués como prolongación para ao sul de si propio, logo estendido por varios continentes, chegando tamén ao Brasil, e que, por outra, ficou subordinado no seu propio territorio

ao castelán como lingua dun poder político invasor, provocou unha singular relación con estas dúas linguas, debaténdose áinda hoxe entre a reintegración no seu primitivo tronco histórico ou a progresiva dependencia do idioma oficial do Estado a que a Galiza pertence como comunidade autónoma e a posibel absorción por parte deste.

Obrigado pola historia a se situar entre o español e o portugués, mais fundamentalmente debido á presión do primeiro, o galego acha grandes dificultades para recuperar a súa condición de lingua normal da Galiza que mantivo durante os setecentos primeiros anos de existencia, partillando agora o seu futuro incerto con outras linguas peninsulares e europeas que se caracterizan tamén por non posuiren un aparello de estado propio. En tal situación, un posicionamento das institucións de poder na Galiza a favor dunha pretensa equidistancia do galego a respecto do portugués e do español, acompañado dunha real subordinación do idioma propio ao oficial do Estado, está provocando un lento mais progresivo proceso de dependencia desta lingua, tamén no ámbito puramente lingüístico, de modo que as estruturas morfosintácticas e o léxico do galego se yen cada vez máis interferidos polo español, co evidente perigo dunha progresiva dialectalización, que mesmo pode terminar en disolución ou absorción, pois, segundo escribiu o profesor Carvalho Calero, o peixe grande sempre acaba comendo o pequeno.

Como freo a este proceso non vemos mellor solución que a reafirmación e afortalamiento do galego dentro do sistema lingüístico que el mesmo xerou e que hoxe lle pode dar a utilidade e o prestixio de que anda tan necesitado; e isto á marxe das normas da escrita. Para tal obxectivo é necesario que a Galiza faga valer, sen complexos nin chovinismos, a súa propia historia e que en Portugal e no Brasil se (re)coñeza o papel que a Galiza desempeñou na conformación da lingua que hoxe falan. Unha revisión histórica demostraríanos que isto non sempre foi así.

No entanto, sendo evidente que para o galego é rendíbel a súa vinculación co mundo de expresión portuguesa, e nomeadamente co Brasil, como factor que pode romper os intentos do seu illamento e minorización, debe ficar claro que do que aquí queremos tratar é basicamente das orixes históricas do complexo lingüístico galego-portugués-brasileiro, sen pretendermos abordar o problema da ortografía na Galiza, áinda en parte polémico, nin tampouco da

(in)conveniencia do acordo ortográfico no ámbito lusófono ou da (in)adecuación da norma gramatical lisboeta para a fala do Brasil e do seu modelo de lingua literaria (AZEREDO, 2003). Mesmo somos conscientes, desde os escritos de Gonçalves de Magalhães e José de Alencar no campo literario, da polémica sobre a existencia dunha lingua brasileira xa distinta da portuguesa, con formulacións menos radicais como falar dun portugués americano face a un portugués europeo. Inclusive, xa introducidos no século XXI, no ámbito académico brasileiro resurxe o debate cando o profesor Marcos BAGNO (2001) pregunta se *Português ou Brasileiro?* no título dunha obra da súa autoría (que nos permite suxerir moito timidamente ‘galego’ como resposta). E temos presentes as consideracións deste mesmo profesor (BAGNO, 1999 e 2003) a respecto da grande distancia entre lingua oral popular e norma culta, cuestión que, con raíces e solucións diferentes, garda un grande paralelismo co que ocorre na Galiza, neste caso fundamentalmente por culpa da interferencia do español. Mais estas cuestións deberán ficar para outra ocasión, centrándonos agora no aspecto das orixes.

2. Referencias ao galego nalgúns tratados luso-brasileiros de lingüística

En boa parte dos traballos sobre a xénese, descripción ou evolución histórica da lingua desenvolvidos en Portugal, e posteriormente tamén no Brasil, é habitual a referencia á orixe da lingua portuguesa e mesmo de Portugal, de modo que parecería lóxica algunha alusión ao galego e á Galiza. Para comezarmos polas gramáticas quiñentistas (BUESCU, 1984), a primeira delas, da autoría de Fernão de Oliveira, datada en 1536, só cita unha vez “de Galiza, galego” (OLIVEIRA, 2000, p. 136) como exemplo de palabras derivadas, mais non aparece ningunha outra referencia directa, tampouco cando nos capítulos II, III e IV fala da nobreza das orixes, da terra e da xente, ou da cultura e gloria da terra (OLIVEIRA, 2000, p. 84-87). A gramática de João de Barros, de 1540, tampouco presta especial atención á Galiza e ao galego, áinda que valora positivamente as variantes faladas Entre-Douro-e-Minho, facendo mención de termos antigos que se conservan nese territorio, que cualifica como “conservador da semente portuguesa” (CASTRO, 1991, p. 41); mais nunha pasaxe un tanto escura, ao se referir a terminacións en *-am*, parece cualificar despectivamente o galego cando se inclina por desterrar a ortografía galega e cita a

expresión “escrevendo agalegadamente”, o que leva PENSADO (1985, p. 54-55) a afirmar que João de Barros está “vituperando un tipo de pronunciación y ortografía que no le gusta” e a explicar a súa consideración pexorativa sobre o galego desde un punto de vista simplemente sociolóxico: existía un sentimento xeneralizado na península no século XVI, e especialmente en Portugal, de desprezo polo pobo galego debido á grande cantidade de emigrantes que ocupaban os postos más baixos da sociedade.

Por seu turno, Pêro de Magalhães de Gândavo, autor dunhas *Regras que ensinam a maneira de escrever e a orthographia da lingua Portuguesa, com hum Dialogo que adiante se segue em defesam da mesma lingua*, de 1574, trata a ‘uestión da lingua’ no que fai respecto á relación portugués/castelán, mais non toma en consideración o galego. Na realidade, tanto Oliveira como Barros e Gândavo tratan os binomios latín/portugués e portugués/castelán (BUESCU, 1984, p. 128-135), mais ignoran en liñas xerais o galego e a Galiza, a que se referirá Duarte Nunes de Leão posteriormente na súa *Origem da lingoa portuguesa*, de 1606, mais de forma pexorativa (LEÃO, 1983, p. 219-220), provocando a contundente réplica de Sarmiento séculos despois:

Los portugueses quieren ser *aborígenes* y *autóctonos*, esto es, hijos de la tierra y que nada tienen de otras naciones. Pero para probar esto han llegado al desatino de excluir a los gallegos. Ni *lengua*, ni *nobleza*, ni *pobladores*, ni *conquistadores*, nada, nada, se les comunicó de Galicia. Y para hacer más ridículo todo cuanto embarran de papel sobre esto, dicen que todo aquello lo tomaron los gallegos de Portugal (SARMIENTO, 1998b, p. 155-156)'.

Resumidamente, os gramáticos e historiadores portugueses quiñentistas procuran unha orixe prestixiosa para a lingua do seu país, que queren presentar como “a primeira língua de Espanha” en competencia co castelán (BUESCU, 1984, p. 201-207) e nesa altura tanto a Galiza como o galego, subordinados a Castela e á súa lingua, perderan o prestixio da época medieval e eran mesmo obxecto de burla nos dous reinos peninsulares veciños: “Com mais força, se isto é possível, do que em Castela también em Portugal se espalha na literatura e entre o povo a imagem vil do galego” (VÁZQUEZ, 1998, p. 88).

O tratamento do galego nas gramáticas históricas modernas, proclives a referenciais históricas más ou menos documentadas, é algo

diferente. Os avances dos estudos filolóxicos e o coñecemento da lírica medieval non fan xa posíbel o ocultamento do galego á altura do século XX en que foron publicadas. Así, WILLIAMS (1975, p. 32-33) cualifica o galego como o “principal dialecto continental [do portugués] fora de Portugal”, aludindo a que algúns “classificam o galego e o portugués como codialectos”. Nunes, por seu turno, afirma que dos numerosos dialectos en que se cindiu o hispano-romano “tem para nós particular interesse o que se usava nas margens do río Miño e ao qual podemos dar o nome de *galécio-portugués*, pois foi dele que, mercê das diferencias que mais tarde vieram alterar a sua homogeneidade, primitivamente quase completa, se originaram depois as duas linguas faladas em toda a faixa occidental da Península -o galego e o portugués” (NUNES, 1989, p. 13).

O brasileiro Serafim da Silva Neto, pola natureza da súa obra, fai moitas más alusións ao galego e á Galiza, recoñecendo “as duas áreas da Gallaecia dos tempos romanos: aquela que ficava ao norte do Miño e aquela que se estendia desse río até o Douro” (NETO, 1979, p. 348-9), mais segue a historiografía castelanista, nomeadamente Menéndez Pidal, e ignora a existencia do reino de Galiza, que subsume no reino de León. Porén, á hora de fixar os grupos lingüísticos peninsulares sinala “o *portugués-galego*, o *espanhol* (castelhano, leonês, asturiano) e o *valenciano-catalão*” que, curiosamente, a seguir reordena como “o galego-portugués, o castelhano e o catalão” (NETO, 1979, p. 365-6), de modo máis acorde coa realidade histórica. Recoñece, pois, dunha forma ou doutra, Silva Neto a orixe galega do portugués e explica a evolución deste como un proceso de desgaleguización (se o portugués non fose galego non se podería desgaleguizar):

A evolución da lingua faz-se no sentido da desgaleguización (aqui entendida a Galiza no sentido romano, quando abrangía Entre-Douro-e-Minho e Trás-os-Montes); aos poucos vaise perdendo o primitivo carácter galego-portugués” (NETO, 1979, p. 390).

Acrecenta este autor que “na Galiza o galego continuava a ser o meio de expressão de uma cultura tradicional” e que a “falta de personalidade política acarretou a estagnación do galego”. Aínda insistirá nesta mesma idea, inclusive coas mesmas palabras, máis adiante ao falar do portugués medieval, explicando que se unificou a lingua, dirixida por Lisboa, baixo unha norma literaria “que impõe, cada vez

mais, o desterro dos freqüentes galeguismos que se encontram ainda na poesía trovadoresca" (NETO, 1979, p. 398). Para el esta "primitiva floração poética tem-se chamado *galego-portuguesa*, visto apresentar notáveis parecenças com a linguagem falada na outra margem do río Minho", sendo a "proximidade com a Galiza, o brilho do seu lirismo e as freqüentes comunicações com os Galegos" os factores que "explícam satisfactoriamente os galeguismos das cantigas trovadorescas" (NETO, 1979, p. 403-4). Mais, a seguir, afirma que o que na verdade representan as cantigas trovadorescas é "uma estilización da língua falada contemporaneamente na rexión Entre-Douro-e-Minho". No entanto, tamén ao norte do Miño trababan moitos poetas como Meendinho, Pero Meogo ou Airas Nunes, que el mesmo escolma en páxinas precedentes.

Embora non sexa autor de ningunha gramática histórica, outro caso que nos interesa destacar, por ser brasileiro, é o do diplomata Francisco Adolfo Varnhagen, que en 1849 realizou a primeira edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda*, en cuxa introdución aparece como cuestión fundamental a da lingua en que se compuxo a lírica trovadoresca. Neste tema ten reparado GARCÍA TURNES (2002), quen nos dá conta de que a información que o brasileiro posuía sobre os antigos vernáculos peninsulares procede tanto dos eruditos casteláns e portugueses da época moderna como dos contemporáneos españois, sendo o contacto con estudiosos asturianos o que inclinaria decisivamente o seu posicionamento sobre a relación entre os diferentes romances hispanos. No cuarto capítulo da súa introdución Varnhagen comeza por resaltar a importancia da obra que edita por se tratar dun "monumento da linguagem" que revela o alto "grau de polimento" do portugués medieval, cuxa exaltación se converte en motivo subxacente do seu labor editorial. Considera que o castelán e o portugués son linguas, en tanto que o asturiano e o galego son dialectos, no sentido decimonónico de non posuíren un código elaborado con significativo cultivo escrito. Embora destaque a orixe e pureza latinas do galego e do portugués, porén remarca o carácter arcaico e inmobiliista do primeiro.

A partir de que o Padre Feijoo defendera a unidade entre galego e portugués baseándose no feito de ambos os países teren estado baixo o mesmo dominio suevo, situación que facilitaría que o illamento do latín falado neses territorios a respecto dos demais peninsulares trouxese como consecuencia a aparición dun mesmo romance, Varnhagen cri-

tica algo que o fraude galego non chegou a afirmar, que o galego e o portugués deban a súa orixe ao dominio suevo, pois Feijoo mantén con clareza a súa orixe latina. A maior discrepancia entre os dous eruditos radica non tanto na cuestión de como se fragmentou o latín, mais en cando isto se produciu, pois para Varnhagen o latín xa estaba dividido en dialectos romances na época dos emperadores romanos, en canto que o dominio xermano provocou unha tendencia homoxenizadora. Ese latín homoxéneo sería o idioma adoptado tanto polos primitivos asturianos como polos godos e polos demais cristiáns refuxiados no norte após a invasión árabe, sendo tamén o idioma levado polos reconquistadores por toda a península.

Vai coincidir Varnhagen, en parte, con Feijoo en que o castelán se formou pola corrupción do latín en contacto cos árabes, opinión tamén presente no asturianista José Caveda, que exerceu unha grande influencia sobre o brasileiro, como afirma GARCÍA TURNES (2003, p. 56), quen considera que Varnhagen aproveita esta idea de forma interesada para presentar o portugués como o descendente más lexítimo do antigo asturiano, unha vez que o propio asturiano xa se achaba moi influído polo castelán e o galego, ainda primitivo e sen ningún influxo, non alcanzou un grao de cultivo suficiente. Pon, pois, o brasileiro as cantigas que edita ao servizo da exaltación da lingua portuguesa e reinterpreta a pureza latina do primitivo romance hispano (o asturiano), face á corrupción semítica do castelán, “a maior gloria do portugués” (GARCÍA TURNES, 2002, p. 56). Movido por este propósito, opina a mesma investigadora que Varnhagen non está disposto a admitir que Portugal poida partillar a súa lingua “con outra nación que non sexa ou fose colonia súa, porque unha cousa é afirmar que os lusitanos levaron o influxo civilizador do seu idioma polo mundo todo -ou, dende outra perspectiva, que os brasileiros herdaron a civilización europea das mans dos portugueses- e outra que as orixes del se encontran no país veciño” (GARCÍA TURNES, 2002, p. 59).

Considera, pois, Varnhagen que o galego e o portugués son dúas identidades lingüísticas diferenciadas desde o período medieval, non cabendo a posibilidade, en consecuencia, de que a literatura trovadoresca sexa compartillada: ou é galega ou é portuguesa, inclinándose el finalmente por esta segunda opción, de modo que se en 1850 afirmaba que as *Cantigas de Santa María* de Afonso X estaban escritas na “linguagem que outrora se falava na Galliza”, en 1872

volta a manter que están escritas en portugués.

En xeral, como se pode deducir desta pequena escolma de estudos, o galego non foi obxecto de grande valoración e estima á hora de explicar as orixes da lingua de Portugal e do Brasil.

3. A lingua de Portugal e do Brasil desde a perspectiva galeguista

Na Galiza, no entanto, prodúcese unha forte reivindicación do galego como orixe ou pai do portugués xa por parte dos ilustrados do século XVIII, fundamentalmente Feijoo e Sarmiento². No século XIX aparece o Rexurdimento como movemento de recuperación da cultura do país impulsado por persoas que estaban empeñadas no labor de recuperaren o prestixio e a dignificación da lingua galega. Por iso, no galeguismo decimonónico son moi frecuentes as alusións á vinculación entre galego e portugués na procura dunha mellor valoración do galego, para lexitimar o intento de o elevar á categoría de lingua literaria, para conseguir que se convertese en materia de estudio, para frear o proceso de perda de uso e, en resumo, para reivindicar a súa utilización en todos os ámbitos (HERMIDA, 1996, p. 117).

Entre as persoas que van insistir na identificación do galego co portugués e na reivindicación do patrimonio literario medieval común está Manuel Murguía, quen vai defender, por tanto, criterios totalmente contrarios aos de Vanhagen. No discurso de Tui de 1891 Murguía fala do “noso idioma” que alí perto, ao outro lado do río Miño, é lingua oficial “que serve a máis de vinte millóns de homes” (MURGUÍA, 1996, p. 159). No discurso de 1906 na Real Academia Galega tamén reincide na proxección internacional do galego, agora como argumento para contrarrestar o tópico da próxima desaparición do idioma: “lengua que habló este pueblo durante más de diez siglos, que es la que hablan y entienden cerca de tres millones de gallegos, dieciocho millones de habitantes en Portugal y sus dominios, doce en el Brasil. No puede parecer un lenguaje que tiene una literatura gloriosa, y nombres que son orgullo de la inteligencia humana” (RISCO, 1976, p. 131). Brasil, por tanto, ainda que cun número de falantes moito inferior ao actual, xa comeza a aparecer como un referente de prestixio e utilidade para o galego.

Xa desde os seus primeiros textos Murguía, dándose conta da importancia do idioma na construción da identidade nacional da Galiza

e sendo tamén consciente do seu desprestixio social, intenta remarcar esa identidade co portugués e brasileiro, seguindo unha liña argumental presente no século XIX noutrous moitos autores na procura do necesario prestixio para a lingua (HERMIDA, 1996); e os seus coñecementos sobre os documentos notariais da época medieval en galego vanlle permitir manter a reiterada afirmación de galego e portugués seren en orixe a mesma lingua, que en Portugal alcanzou un máis alto nivel de perfeccionamento por gozar da independencia nacional que posibilitou a súa protección e cultivo.

Castelao, por seu turno, era ben consciente de que Portugal naceu dentro da Galiza e de que a súa lingua é o galego. E tamén, en consecuencia, sostén que o galego é a lingua do Brasil, a pesar de que se lle negue interesadamente o carácter hispano:

Pero velahí que os hespañoleiros, tanto de dereita como de esquerda, afincan a hispanidade no distintivo idiomático, negando a procedencia 'hispánica' do Brasil pol-o feito de non falar a língoa de Castela. Para eles Brasil é tan estrano como Norteamérica. Diríase por esto que acatan a diferencia de língoas como diferencia de nacións; pero dentro de España impoñen o dogma da 'nación única e indivisible' anque vexan que alí se falan catro idiomas diferentes. E podendo reivindicar para si a gloria que a Galiza lle cabe por ser a nai d-unha língua de rango superior, non sóio tratan de regalarlle a Portugal esa gloria, senón que, ao cabo de tantos séculos de inútil asimilismo, ainda manteñen a esperanza de borraren o roncel do noso xenio lingoístico e cultural para non darlle nin patria sepultura (CASTELAO, 1961, p. 455).

Fica claro que Castelao non só se adhire ao pensamento galeguista dominante que propugna unha identidade esencial entre galego, portugués e brasileiro, como tamén é unha das personalidades que máis ten insistido no tema e que ten achegado argumentos más sólidos, sobre todo desde a perspectiva histórica. Talvez a cita máis explícita, e ao mesmo tempo máis polémica, é a tirada da carta a Sánchez Albornoz, onde, tras expresar o desexo de que na Galiza se fale tan ben o galego como o castelán, e viceversa, acrecenta: "Deseo, además, que el gallego se acerque y confunda con el portugués, de modo que tuviésemos así dos idiomas extensos y útiles" (CARVALHO CALERO, 1989, p. 91). En *Sempre en Galiza* dinos que "o povo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués"

(CASTELAO, 1961, p. 41), dando continuidade ao pensamento de Feijoo, Sarmiento e Murguía; e reforzando a primacía histórica do galego sobre o que el considera mal chamado portugués, porque “o portugués non é outra cousa que o galego, pois da Galiza pasou a Portugal” (CASTELAO, 1961, p. 161).

Sebastián Martínez-Risco, escritor e presidente da Real Academia Galega no período 1960-1977, tivo de se manifestar publicamente moitas veces sobre a lingua galega ao ser requerido pola prensa na súa condición de presidente da Academia, que, embora formalmente non fose academia da lingua, sempre foi entendida como tal pola conciencia xeral do país. Desde o momento mesmo de tomar pose do cargo vai facer fincapé na extensión e importancia do galego como lingua falada en varios países do mundo, considerando Portugal e o Brasil de fala galega, países con que quere estreitar relacións como obxectivo prioritario do seu mandato académico, mais citando xa o Brasil en primeiro lugar³. Esta idea, presente no pensamento galeguista das xeracións anteriores, reiterada por el ao longo de moitas entrevistas, deixara tamén exposta con clareza no seu libro *Presencia da lingua galega*, de 1973:

É iste da área do uso do galego nos nosos días un dos primeiros puntos de esencial consideración para a súa cabal estimación valorativa. Compre, pra abranguelo na súa verdadeira sinificación, adiantar unha tesis que consideramos de proba dodata: a que sostén a identidade sustancial dos idiomas galego-luso-brasileiro (S. RISCO, 1973, p. 15).

Porén, nesta mesma altura de 1973 vaise establecer publicamente na Galiza a controversia entre dúas posicións defrontadas que, dunha forma ou doutra, xa estaban latentes desde moito antes, mais que agora van ser formuladas con total transparencia: unha que propugna o portugués como modelo do galego culto e outra que procura unha vía propia para a fixación dese modelo de galego culto. A primeira é defendida polo filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa nun artigo publicado na revista portuguesa *Colóquio-Letras* e reproducido en *Grial* no mesmo ano 1973 (e logo incluído en LAPA, 1979); a segunda áchase recollida na inmediata réplica que Ramón PIÑEIRO (1973) dá ao artigo anterior. Ambos os posicionamentos terán adeptos e detractores. Ora, antes de máis, convén deixarmos claro que,

segundo o noso parecer, Rodrigues Lapa foi o modelo de erudito portugués que desde a Galiza se viña demandando e que áinda hoxe se acha en falta: unha persoa sempre atenta e preocupada pola lingua e a literatura galegas, que sentiu como algo propio e non alleo, que soubo recoñecer o peso da Galiza na formación do portugués e de Portugal, e que tratou os escritores galegos como se fosen portugueses, segundo demostra a súa presenza nunha das obras de máis éxito do autor de Anadia, a *Estilística da Língua Portuguesa*. O seu galeguismo non foi, pois, puramente retórico. E o seu posicionamento sobre o tema de debate fica moito claro no seguinte fragmento:

Há pois que restaurar o galego e obrigá-lo a ser o que já foi: um instrumento artístico, que as devastações do tempo, a maldade e a incúria dos homens foram deteriorando e desfigurando, até ficar no estado em que o vemos. Totalmente identificado, nos séculos XIII e XIV, com o português, separou-se deste por razões conhecidas, mas nem por isso deixou de ser radicalmente a mesma língua [...]. Nada mais resta senão admitir que, sendo o português literário actual a forma que teria o galego se o não tivessem desviado do caminho próprio, este aceite uma língua que lhe é brindada numa salva de prata (LAPA, 1979, p. 63-64)⁴.

Por se nos seus libros non ficasse totalmente claro o posicionamento de Lapa sobre a Galiza e o galego, a publicación de parte da súa correspondencia privada (MARQUES *et al.*, 1997) disipa calquera dúbida ao respecto. Varias destas cartas con personalidades da vida cultural e literaria galega mostran que os seus argumentos acharon eco na Galiza e que a súa visión da cuestión era compartida por unha parte importante da intelectualidade galega. Mais tamén é ben sabido que outra parte reaxiu contra esa proposta de Lapa, sendo se callar a máis inmediata e tamén significativa a de Ramón Piñeiro, que expón igualmente con clareza a súa posición ao respecto e inclusive anuncia o aparecemento do brasileiro como nova lingua:

A min seméllame claro que hai unha primeira etapa común, a etapa medieval, a etapa do *galego-portugués*. Hai unha segunda etapa, a etapa moderna, en que esa lingua común medieval se diferencia en duas irmás, o galego e mais o portugués. E hai unha etapa que agora comenza, unha terceira etapa, na que non son duas senón tres as linguas que xurdiron do común galego-portugués: o galego, o

portugués e mailo brasileiro. Quizáis moitos portugueses refuguen, mesmo con escándalo, esta afirmación. Con todo, resultaralles más fácil negar o feito que impedilo (PIÑEIRO, 1973, p. 401).

Os dous posicionamentos son claros, para alén doutras afirmacións retóricas como cando Piñeiro a seguir di que “o galego e o portugués son radicalmente a mesma lingua”, mais insiste nas tres variedades antes apuntadas. Este debate sobre o modelo do galego culto deslócase na parte final do século XX e principios do XXI para o interior da propia Galiza, conectando co que xa se producirá na segunda metade do XIX e na primeira parte do XX, aínda que agora máis achegado ao plano práctico, pois del van xurdir diferentes propostas normativas, unhas reintegracionistas en diferentes graos e a non reintegracionista.

Porén, entre as grandes personalidades da galeguismo histórico, tanto político como cultural, o caso de Ramón Piñeiro pode considerarse como singular, pois as principais figuras do pensamento galeguista e nacionalista defenderon teoricamente a perspectiva reintegracionista. E algúns, como Carvalho Calero, tamén a levaron á práctica na última fase da súa vida. Con el como primeiro catedrático de lingua e literatura galegas da Universidade de Santiago de Compostela e presidente da comisión que elaborou as primeiras normas oficiais do galego, as orientacións normativas camiñaban nunha vía de aproximación posibilista ao portugués, mais unha vez que se xubilou da súa actividade académica, a tendencia que se impuxo foi a independentista ou tamén chamada isolacionista, que deu orixe ás normas oficiais de 1982, aprobadas polo Instituto da Lingua Galega e pola Real Academia Galega. Estas foron moi contestadas e durante dúas décadas, aproximadamente, desatouse un forte conflito normativo, embora este fose amortecendo no último período. Nese tempo houbo diferentes intentos por chegar a un acordo que acabase co conflito ou, cando menos, que eliminase os seus efectos socialmente más daniños, tentativas que non cristalizaron até comezos do século XXI.

Entre as personalidades galeguistas ainda vivas que con máis clareza manteñen o fio histórico da defensa da unidade lingüística galego-portuguesa-brasileira está Camilo Nogueira, político nacionalista que desde a súa condición de deputado europeo insistira especialmente na vinculación do galego coa fala brasileira e que na actualidade continúa a insistir no importante papel do Brasil como referente para a Galiza e para o galego:

Brasil encóntrase entre os más extensos e habitados estados do mundo, dándolle unha especial personalidade a súa lingua, o carácter e a creatividade da súa xente, a súa natureza, de que depende en boa medida a de todo o planeta, e o seu potencial de desenvolvemento económico. É un estado-continente considerado entre os que, xunto cos EEUU, a Unión Europea como tal, China, India e a Federación Rusa, e potencialmente a nova África que se albisca, terán un papel decisivo no mundo. Con perto de 200 millóns de habitantes, tendo por súa unha lingua irmá do galego, conta con máis falantes de portugués que todos os estados sudamericanos de fala castelá. En Brasil a ningúén se lle ocorre responderlle a un galegofalante noutra lingua máis que no portugués brasileiro. Comprenden mesmo o galego mellor que o portugués de Lisboa. Se unha persoa descoñecida lles fala en galego preguntan en todo o caso 'de que parte do Brasil é o señor'. Máis ainda, os galegos poden descubrir alí expresións cultas que en Galiza son consideradas como propias do galego popular e ocultadas no uso público" (NOGUEIRA, 2008, p. 23-4).

Noutra ocasión algo anterior, falando da súa experiencia como deputado no Parlamento europeo e a utilizar a grafía reintegrada, recorda que nese foro se expresou en galego-portugués e foi traducido polos intérpretes a todas as linguas oficiais da Unión Europea, así como tamén no seu encontro con líderes como o timorense Xanana Gusmão e nas reunións oficiais como deputado "especialmente no Brasil", a propósito das que insiste en que a variante brasileira "é mais próxima ao galego que ao lisboeta que se costuma ter, equivocadamente, como o portugués maioritário" (NOGUEIRA, 2000, p. 114).

4. Unha ollada retrospectiva á Idade Media: os reinos da Galiza e de Portugal

Despois de vermos pronunciamentos diferentes a respecto das orixes e relación entre galego e portugués, convén agora revisarmos brevemente algúns feitos históricos, á luz tamén das últimas pesquisas, na procura dunhas bases más sólidas en que sustentarmos as nosas afirmacións.

Durante séculos, a Gallaecia foi o reino cristián alternativo da Hispania musulmá, así recoñecido polos árabes e polo papado, e con grande presenza en Europa. A pesar de na historiografía oficial española o reino da Galiza praticamente non existir ou simplemente figurar como subsidiario dos reinos de Asturias, León ou Castela, na

documentación medieval aparece constantemente citado, outorgándoselle grande relevancia. Así, segundo nos informa SMITH (1996), en 1088 o papa Urbano II diríxese por escrito a Afonso VI, que pasa por ser rei de León e Castela, como “Regi Ildefonso Gallitie”; na *Historia Turpini*, libro IV do *Codex Calixtinus*, recompilado arredor de 1140, o reino da Galiza inclúe Lamego, Viseu e Coimbra, e nela aparecen expresións como “Yspaniam e Galleciam”, “tellurem Yspanicam et Gallecianam”, “Hyspani scilicet et Galleciani, totam terram Hispanicam e Gallecianam”, dando a sensación de que, face á parte da península en poder dos mouros, só existe a Galiza cristiá. Tamén nos lembra Smith que no libro V, *Guía de peregrinos*, volta a aparecer a expresión “in Yspenia et Gallecia”; que nas *chansons de geste* francesas a Galiza ten máis de 50 referencias en 35 textos, en canto que León, como nome de reino ou imperio, case que non aparece; que para o cronista inglés Mateo Paris, quen escribe a meados do século XIII, á altura de 1184 Fernando II é rei da Galiza e non de León; que para os escritores de Al-Andalus era normal distinguir só entre ‘francos’ (cataláns) e ‘galegos’ (habitantes dos demais reinos cristiáns do norte); etc. Tamén dona Carolina Michaëlis resalta a relevancia da Gallaecia nos textos literarios xermánicos e europeos en xeral:

Houve uma era en que Gallaecia era nome genericó da Hespanha christã, ao passo que Hispania designava a Mouraria [...]. Ha provas d'isso na poesía epica dos germanos, nas sagas escandinavas, nos historiadores flamengos, nos cantares de gesta da França, na poesía popular inglesa, nas obras dos trovadores, nos poetas de Italia, nos auctores árabes” (MICHAËLIS, 1904, p. 791-3).

Durante os séculos VIII e IX, cando a lingua galega se conforma como romance diferenciado do latín, todos os reis se intitularon reis da Gallaecia desde capitais diferentes (Oviedo, Santiago ou León), se ben que moitos deles desde Afonso II asentaron a súa capital en Santiago ou na parte occidental da Gallaecia, fortalecendo e estendendo o seu reino, e mesmo chegando no occidente até Coimbra xa con Orduño II, de acordo con Camilo NOGUEIRA (1996; 2001: 107-304). Dona Sancha (1037-1067), emperatriz da dinastía galega e irmá e herdeira de Vermudo III, divide os territorios entre os seus fillos Afonso VI (León), García (Galiza), Sancho (Castela). Afonso VI, a pesar de herdar o reino de León, gobernou a Galiza e Castela en períodos distintos, en

canto que o seu irmán Sancho aspiraba a ser rei da Gallaecia, título principal da monarquía. Don García gobernou a Galiza desde 1067 a 1071, mais conservou o título de rei até a súa morte en 1090. A filla primoxénita de Afonso VI, dona Urraca, e o seu marido, Raimundo de Borgoña, gobernarón a Galiza desde 1093. Arredor de 1096, Afonso VI encárgalle o goberno de Portucale (do condado portucalense) e de Coimbra á outra filla, dona Teresa, casada con Henrique de Borgoña.

Cando dona Teresa, xa viúva, procura o auxilio de nobres galegos e os nobres portucalenses ven así perigar a autonomía de Portucale, estes deciden apoiar Afonso Henriques, fillo de dona Teresa, quen vence e expulsa a súa nai en 1128, de forma que aquel pasou a gobernar o condado portucalense e esta, con Fernán Peres de Traba, continuou a gobernar o condado de Coimbra, sempre en mans de condes galegos; ou sexa, que dona Teresa goberna ao sul do Douro e o seu fillo Afonso Henriques entre o Douro e o Miño; á morte de súa nai en 1130 deslócase de Guimarães a Coimbra. En 1139 tomou o título de rei e en 1143 reconécese mediante tratado a independencia do novo Estado portugués, confirmada por Roma en 1179. Don García, como rei da Galiza, asumira tamén a autoridade dos condes de Portucale, sendo a súa sobriña Teresa e o fillo desta Afonso Henriques os seus herdeiros e por tanto continuadores da liña histórica, de modo que a independencia de Portugal constitúe un problema dinástico dentro da Galiza (NOGUEIRA, 2001, p. 183-214).

O infante Afonso Raimúndez, herdeiro do trono da Galiza, fillo de dona Urraca e neto de Afonso VI, foi proclamado rei da Galiza e como tal gobernou Toledo en vida de súa nai a partir de 1117. E cando en 1126 morre esta, tal rei galego, co nome de Afonso VII, herda os reinos de León e Castela, afirmando así a Gallaecia a súa hexemonía política na península; en 1135 é coroado emperador na cidade de León coa participación de nobres e bispos galegos, feito que non significa a supremacía de Castela, mais a dun rei feito e criado na Galiza e por galegos, “un rei galego” (PENA, 1995, p. 12). Afonso VII pretendía a transformación do imperio galaico dos seus antepasados nun imperio en toda a península. Mais esta política veríase condicionada posteriormente pola perda de Toledo e pola separación de Portugal; estes dous factores son os que debilitan a forza da Galiza no que acabará por ser o Estado español (NOGUEIRA, 1996, p. 72)⁵.

Entre 1143, ano en que Afonso Henriques é recoñecido como rei

de Portugal, e 1230, cando morre Afonso IX da Galiza, houbo, segundo NOGUEIRA (1996, p. 75), dous reinos galaicos independentes, pois tan galego era o reino de Gallaecia-León con Fernando II e Afonso IX, os dous enterrados en Santiago, como o reino de Gallaecia-Portucale, con Afonso Henriques, Sancho I, Afonso II e Sancho II. Portugal surxiu, pois, como unha división da Gallaecia, segundo tamén recoñece Carolina MICHAËLIS (1904, p. 779)⁶:

Nessa verdadeira Galliza medieval (quer comprehendase apenas a orla marítima da península até ao Porto, quer se estenda até ao Vouga, ou mesmo até Coimbra) entra sempre o núcleo fundamental de Portugal: *o condado portucalense*.

5. A lingua da Gallaecia e a súa denominación

É evidente que a Gallaecia romana ocupaba unha extensión territorial moito superior á da Galiza actual e que nese territorio surxiu o galego como romance derivado do latín traído á península ibérica polos soldados romanos. Mais tamén convén contemplarmos o dominio e a expansión territorial do romance galaico á luz da verdadeira extensión e importancia do reino da Galiza nese período. O galaico occidental ou galego foi a lingua cortesá do reino da Gallaecia por ser no occidente onde estivo o centro do imperio galaico. Se a principios do século X o galego é a lingua cortesá empregada polos monarcas (PENA, 1995, p. 9-10), dous séculos despois temos un testemuño documental que nolo ratifica: nunha crónica de Frei Prudencio Sandoval, historiador nacido en Valladolid a meados do século XVI, narrase que o rei Afonso VI recibiu en Toledo a triste nova da morte do seu único fillo “y en la lengua que se usaba dijo con dolor y lágrimas que quebraba el corazón: «Ay meu fillo! ¡Ay meu fillo! ¡Alegria do meu corazón et lume dos meus ollos, solaz da miña vellez!...»” (S. RISCO, 1973, p. 8). Temos, pois, que a principios do século XII o galego era a lingua que se usaba na corte de Afonso VI e que usaba o propio rei mesmo nas súas manifestacións más íntimas e espontáneas.

A propósito de Afonso Raimúndez, afirma BREA (1994, p. 48) que foi primeiro, e durante un tempo, só rei da Galiza, e logo foi estendendo o seu poder, de maneira que o feito de a lingua da súa corte ser o galego “non sería de estrañar”. Inclusive no século XIII Fernando III e o seu fillo Alfonso X estiveron vinculados coa Galiza e co galego (MICHAËLIS, 1904, p. 796), seguramente a súa lingua fami-

liar, como demostra o dominio que este último posuía dela na súa obra escrita persoal. Pódese afirmar que o galego non só foi unha lingua moito valorada na lírica como tamén gozou con anterioridade de prestixio como lingua de comunicación oral por ser a lingua cortesá por excelencia.

Se admitirmos que a Galiza e Portugal son dous reinos galegos en orixe (NOGUEIRA, 2001, p. 233), tamén resultará lóxico asumirmos que a lingua romance común falada ás dúas bandas do río Miño se debe chamar con propiedade *galego* por ser a lingua da Gallaecia. Ao se dividir esta coa creación primeiro do condado e logo do reino de Portugal, o galego será a lingua da Galiza e tamén a lingua de Portugal, feito que posibilitará a aparición do nome composto *galego-portugués*, por pertencer a estes dous reinos peninsulares. Mais galego-portugués é unha denominación serodia, introducida polos eruditos portugueses a fins do século XIX. Así a xustificaba a propia Carolina MICHAËLIS (1904, p. 779): “Esta fragmentação da Galliza em duas metades, ocorrida exactamente no momento psychologico da primeira florescencia da supposta poesia popular, obriga-nos a empregar o termo composto *gallego-português*”.

Ora, se esta denominación non se empregou na época medieval, cal foi, entón, o nome que se lle deu ao idioma da Gallaecia (e dos reinos da Galiza e de Portugal cando a primeira se dividiu) durante a Idade Media? Na *Historia Compostellana*, texto latino do século XII, aparece a expresión *gallaeco vocabulo*; e nunha relación de libros da biblioteca do arcebispo compostelán Bernaldo II dáse noticia, arredor de 1226, dun libro vello de sermons de *littera gallica*, que con seguridade quererá indicar que estaba escrito en galego e non en latín (MONTEAGUDO, 1994, p. 171). Porén, a denominación predominante era, en contraposición a *latin*, a de *romanço* (aparece a fins do século XIV na Crónica Troiana e tamén nos *Miragres de Santiago*, por exemplo), xuntamente coa de *lenguagem*, *linguagem* ou *a nossa linguagem*, estas más frecuentes en textos escritos en territorio portugués.

Mais é ben sabido que a fins do século XII e principios do XIII xa se cultiva a poesía lírica nos reinos da Galiza e de Portugal. Como se lle chamaba á lingua en que se escribían as cantigas de amigo, de amor ou as cantigas satíricas? O catalán Jofre de Foixá, autor dunhas *Regles de Trobar* escritas en occitano arredor de 1290, cita as linguas que el considera naquela altura habilitadas para a lírica: o francés, o

provenzal, o siciliano e o galego; *galego*, pois, e non *galego-portugués* nin *portugués*, é a denominación que se lle daba á lingua dos cancio-neiros, polo menos nos ambientes eruditos e trobadorescos (MONTEAGUDO, 1994, p. 173). E nada pode resultar más natural do que esta denominación, pois o galego é a lingua da Gallaecia e Portugal, como dicía Carolina Michaëlis, surxe no interior da primeira. Fá-larmos antes de meados do século XII de portugués é un grande desatino, pois nin sequera existía Portugal, como moito ben afirma a escritora galega M^a Xosé Queizán, que acrecenta:

En realidade, o galego é o nome da lingua e o portugués é o nome político, derivado do Estado de Portugal. Ou sexa que o galego é ao portugués o mesmo que o castellano é ao español. Portugués e Español son nomes políticos derivados do nome do Estado; o galego e o castellano son os nomes da lingua e do lugar onde se orixinou. A diferenza está en que en España non se nega o nome de castellano para a lingua nin a procedencia da mesma do norte, das montañas de Castela. Ningún español, sexa da Mancha, de Andalucía ou As Canarias, ten problema en recoñecer que a súa lingua, mesmo con rasgos ben distintos e fonéticas moi diferentes, é o castellano [...]. O Brasil, Angola, Mozambique, etc., con culturas moito más distantes e distintas, non teñen como lingua o brasileiro, mazambiqueño ou angolano, senón o galego, que eles, polas razóns políticas anteriormente explicadas, chámante portugués. Din que falan portugués aínda que as súas fonéticas, vocabulario, usos, etc., son ben diferentes dos da lingua padrón (QUEIZÁN, 1997, p. 27).

Non é diferente a opinión do brasileiro Júlio Barreto Rocha que, tras unha estadía como profesor na Universidade de Santiago de Compostela, deixou escrito un artigo intitulado “O Brasil fala a língua galega” (ROCHA, 1998). Mais non opina o mesmo o portugués Joaquim Reis, que en resposta ao artigo de M^a Xosé Queizán afirma:

A romanización da faixa occidental da Península Ibérica fez-se do Sul para o Norte. Quando a Galiza (Gallaecia) foi conquistada pelos romanos, já a Lusitania ao sul estava romanizada havia uns cem anos [...]. Logo, o latim popular, que se tornaria a futura língua neo-latina da faixa occidental, veio do Sul. Esta língua foi sempre falada extensivamente desde o Algarve ao Cantábrico [...]

Quando se deu a invasão moura, essa língua latina da faixa occidental ibérica não desapareceu, mas continuou a ser falada em toda a

extensão do território [...].

A língua tomou o nome de galego na Galiza, tomou depois o nome de português em Portugal (nunca tomara a designação de luso ou lusitano). Sob os mouros, designam-na os historiadores por moçárabe, mas não era árabe com certeza (REIS, 1997).

Non podemos partillar esta opinión, pois a realidade dos feitos lingüísticos na península ibérica desméntela rotundamente: o castelán naceu no norte e foi levado para o sul en forma de cuña invertida, como afirmara Menéndez Pidal, e o catalán tamén naceu no norte e logo estendeuse pola faixa mediterránea até chegar mesmo ás Illas Baleares, que ainda hoxe teñen o catalán (así denominado oficialmente) por lingua propia, igual que Valencia (aquí inténtase tamén denominalo 'valenciano' con clara intencionalidade política); sería ben curioso que só na faixa atlántica ocorrese o contrario e o romance viñese do sul para o norte. É que non existiu a Hispania musulmá de fala mozárabe? Por que non se denominou lusitano ou luso ese romance? U-lo romance do centro da península, da Estremadura española ou de Andalucía?

No entanto, non cabe dúbida de que, ao se converter Portugal en reino independente da Galiza na segunda metade do século XII e ao esta ir entrando progresivamente na órbita de Castela, os portugueses van acabar por denominar o galego que falan co nome político de 'portugués'. Na *Crónica Portuguesa de 1344* xa aparece a expresión *segundo a linguagem de Portugal*. En territorio galego, polo contrario, nos *Miragres de Santiago*, de fins do XIV ou de principios do XV, figura a expresión *lingoajem galego*. A meados do século XV o Marqués de Santillana terminirá por denominar a lingua dos trovadores como "gallega o portuguesa", entendemos que por ser a lingua da Galiza e de Portugal; MONTEAGUDO (1988, p. 145-6) afirma non ter constancia da denominación de 'portugués' até ao século XV. Parece evidente que a división política da Galiza en dous reinos, consolidada a mediados do século XII, non rompe a unidade lingüística, continuando a lingua a ser a mesma a ambos os lados do Miño. Ora, a partir da segunda metade do século XII a política portuguesa deslócase definitivamente cara ao sul, até se establecer finalmente Lisboa como capital do reino; o "galego de Portugal" (FREIXEIRO, 2005) convértese así en lingua protexida polos reis e, cada vez máis, irase transformando nun poderoso instrumento cultural e mesmo político.

O modelo lingüístico que se vai ir conformando na corte lisboeta non será o do norte, mais o do sul, moito influído polas mozárabes, e, convertido en lingua oficial do Estado, acabará por se denominar ‘portugués’, perdendo o nome de ‘galego’, indicador da marca de orixe. Como consecuencia dos descubrimentos, en que Portugal participou como grande potencia colonizadora, o (galego)portugués vaise estender por diferentes continentes, até chegar a ser tamén unha das linguas más faladas no mundo grazas sobre todo ao Brasil. Só algúns eruditos farán referencia a que esa lingua tivo a súa orixe na Galiza, antes grande e poderosa e logo pequena e esquecida. As normas e orientacións lingüísticas que, desde o primeiro momento en que Lisboa se converte na capital do reino, emanan dela, acaban por chegar ao norte de Portugal, mais non traspasan o río Miño, primeiro ponte de unión e prolongación dunha mesma identidade xeográfico-cultural e despois fronteira de separación política.

Así pois, en tanto que Portugal, “gallego-português nas suas origens”, “integrado com sangue mozárabico”, se vai converter lentamente nunha “nacionalidade nova, como genio seu e missão individual” (MICHAËLIS, 1904, p. 780), a Galiza constitúe un reino que vai ir ficando sen rei exclusivo e sen unha corte que potencie o idioma. Cando Compostela alcanza un grande esplendor, durante o século XII, a lingua escrita era aínda o latín, e cando no século XIII aparece unha brillante literatura en galego, a Galiza xa vai camiño de se someter ao reino de Castela, embora se manteña como reino independente até 1230, cando comeza a hexemonía de Castela na coroa centro-occidental, conservando “a súa identidade de reino, como nos longos séculos da independencia, a pesar de os reis que a dominaban séreno tamén de Castela” (NOGUEIRA, 2001, p. 249). Mais debe ficar claro que o galego vai entrar en crise despois do período medieval, por exemplo, en Pontevedra, mais non en Braga, onde, baixo a denominación de ‘portugués’, se continuará a cultivar oralmente e por escrito con total normalidade.

Transcorrido o período do galego medio ou séculos escuros (séculos XVI-XVIII), ao se intentar recuperar o uso escrito do idioma galego no século XIX, xa se terá perdido o vínculo coa primitiva lingua galega na súa forma escrita, reaparecendo agora un galego literario graficamente, e tamén nalgúns aspectos léxicos e morfolóxicos, inserido no ámbito da cultura española. Este será o galego moderno, que,

como o medieval, se caracteriza polo polimorfismo, consecuencia directa da carencia dunha entidade encargada de rexer ou regular o idioma; ainda para quen con máis énfase defende a separación xa temperá entre galego e portugués, como LORENZO (1981, p. 12), este será curiosamente o factor máis importante da diferenciación. Débese de ter en conta que esta diferenza deriva de factores sociopolíticos, ao Portugal dispor de poder propio e a Galiza non desde a Baixa Idade Media até á actualidade. Mais nestes últimos séculos xa se falará maioritariamente de galego e de portugués, considerando algúns o primeiro como unha forma corrupta ou deturpada do español.

De todas as formas, se a cuestión da identidade entre galego e portugués na actualidade é polémica, a se daren argumentos nunha ou noutra dirección, parece evidente que durante toda a época medieval existe unha clara unidade lingüística galego-portuguesa, a pesar de certas preferencias a un lado ou a outro do Miño, que nunca nos deben impedir falarmos dunha única comunidade lingüística, como afirma Azevedo MAIA (1986, p. 891). Para Carolina MICHAËLIS (1904, p. 780-1), a esa esencial “uniformidade da lingua”, que ela estende “desde o extremo da Gallaecia até o extremo do Algarve”, uniase unha “grande semelhança nos modos de viver, sentir, pensar, poetar -uniformidade e semelhança que fallam eloquientemente a favor da affinidade primitiva de lusitanos e gallaicos”. Esa identidade lingüístico-cultural tamén a reflecten as cantigas trobadorescas galegas e portuguesas (galego-portuguesas), que segundo o profesor Rodrigues Lapa “acusam o predominio evidente do elemento galego sobre o elemento portugués, o que pode fazer supor que o foco irradiador da nova poesia esteja sobretudo na regi o de Al  -Minho” (LAPA, 1977, p. 110). Ora, falarmos da importancia da compon ente galega no lirismo trobadoresco en nada altera a substancial unidade cultural e a homoxeneidade ling  stica, estil  stica, ret  rica, m  trica ou musical que confiren a este corpus l  rico conservado a denominaci  n de l  rica trobadoresca galego-portuguesa, reflexo cabal da unidade pol  tica e cultural do antigo reino da Gallaecia a que esta l  rica serve e de que deriva.

6. Conclusi  n

Nas p  xinas precedentes pretendeuse chamar a atenci  n para o feito de a lingua que hoxe se fala maioritariamente no Brasil se ter formado do outro lado do Atl  ntico, dentro da Gallaecia hist  rica, e de

ter de recibir unha denominación canto ás súas orixes, máis se debería chamar ‘galego’ do que ‘portugués’. Neste sentido, tamén o termo ‘galeguía’ garda máis fidelidade á realidade histórica do que ‘lusofonía’ para nos referirmos ao conxunto de países de expresión galego-portuguesa. Mais tal pretensión non obedece a ningún afán ‘imperialista’ por parte das persoas galegas (pobres de nós!) nin quere pór en cuestión o dereito do Brasil e de Portugal a construíren a propia historia ao seu modo e a denominaren a súa lingua como ‘portugués’ ou ‘brasileiro’. Polo contrario, ten o modesto propósito de lembrar certas circunstancias históricas que tanto no Brasil como en Portugal ou noutros países de lingua oficial portuguesa son pouco coñecidas ou divulgadas e que para as persoas galegas poden contribuír a mantermos a nosa memoria histórica e con ela a nosa autoestima e ainda unha más forte vinculación afectiva co Brasil e cos outros países ‘galegófonos’.

Partillando a idea do idioma común, desde a Galiza queremos reivindicar a primacía na orixe da lingua, mais recoñecemos con sumo gosto que ao Brasil lle corresponde o dominio actual dela, pois se as linguas son propiedade dos falantes, os perto de 190 millóns de persoas brasileiras que a falan danlle toda a lexitimidade para se considerar hoxe o principal propietario deste legado histórico e garante do seu esplendoroso futuro, como a Portugal lle corresponde o grande mérito de o ter preservado historicamente nas mellores condicións posíbeis e de o estender polo mundo. Inclusive os galegos e galegas somos conscientes de que, debido á interferencia secular do español sobre a nosa lingua, debemos ollar para o Brasil e Portugal como modelos lingüísticos a imitarmos.

Porén, non quería terminar sen un recordatorio para un escritor galego do século XIX, se callar o más grande poeta cívico do seu tempo na península ibérica, Manuel Curros Henríquez, de quen este ano estamos celebrando na Galiza o centenario da súa morte. A modo de prólogo poético ao seu máis importante libro de versos, *Aires d'a miña terra*, de 1880, escribiu o poema “Introducción”. Nel, apóis unha primeira parte en que se adhire á falsamente progresista idea na altura de considerar o multilingüismo no mundo como unha maldición qué debía ser corrixida na procura dunha única lingua universal, conclúe que “Esa fala pulida, idioma úneco,/ Mais qu' hoxe enriquecido, e máis perfeuto,/ Resúme d' as palabras más sonoras/ Qu' aquelas n' os deixaran como en herdo;/ Ese idioma, compendio d' os idiomas,/ Com'

onha serenata pracenteiro,/ Com' onha noite de luar docisimo,/ Será -¿qué outro sinon?- será o gallego" (CURROS, 1886, p. 4-5). Porque acreditamos na diversidade cultural e lingüística do mundo como un valor que debe ser preservado, non queremos que esta desapareza áinda que a única lingua universal acabase por ser o galego. Tamén non existe, é evidente, perigo de que iso puider acontecer. No entanto, ben mirado, podería ser que Curros (xa sabemos dos dotes proféticos dos poetas) tivese unha pequena parte de razón e, con efecto, algúñ dia o idioma galego(-portugués-brasileiro) se convertese en lingua franca internacional, substituíndo o inglés. Iso só será posibel se nun futuro, cando os Estados Unidos deixen de ser a primeira potencia económica mundial (algúñ dia acontecerá), o Brasil tomar o relevo. Condicións e potencialidades non lle faltan. E o apoio e a simpatía da Galiza tampouco.

REFERENCIAS

- AZEREDO, José Carlos de. O Brasil e sua língua: trilhas de uma questão. En Maria do Amparo Tavares MALEVAL & Francisco SALINAS (orgs.): *Estudos Galego-Brasileiros*. Rio de Janeiro: H. P. Comunicação, p. 329-354, 2003.
- BAGNO, Marcos. *Preconceito lingüístico: o que é, como se faz*. São Paulo: Loyola, 1999.
- _____. *Português ou brasileiro? Um convite à pesquisa*. São Paulo: Parábola, 2001.
- _____. *A norma oculta. Língua & poder na sociedade brasileira*. São Paulo: Parábola, 2003.
- BREA, Mercedes. A voltas con Raimbaut de Vaqueiras e as orixes da lírida galego-portuguesa. En Elvira FIDALGO & Pilar LORENZO (orgs.): *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*. Santiago de Compostela: CILL Ramón Piñeiro, p. 41-56, 1994.
- BUESCU, Maria Leonor Carvalhão. *Historiografía da Língua Portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa, 1984.
- CARVALHO CALERO, Ricardo. *Escritos sobre Castelao*. Barcelona: Sotelo Blanco, 1989.
- CASTELAO, [Afonso Daniel Rodríguez]. *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Edición "As Burgas", 1961.
- CASTRO, Ivo. *Curso de História da Língua Portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta, 1991.
- CURROS ENRÍQUEZ, Manuel. *Aires d' a miña terra*. A Coruña: La Voz de Galicia, 1886.
- FEIJOO, Fr. Benito. *Obra selecta*. Prólogo y selección de textos por E. Blanco-Amor. Santiago de Compostela: Sálvora, 1984.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón. *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Laioveneto, 2002.
- _____. "O galego de Portugal. Algunhas observacións sobre a xénese e a denominación orixinaria do sistema lingüístico galego-portugués". En M. GONÇALVES, A. Soares da SILVA, J. COUTINHO, J. Cândido MARTINS e M. J. FERREIRA (orgs.): *Gramática e Humanismo. Actas do Colóquio de Homenagem a Amadeu Torres*. Braga: Publicações da Faculdade de Filosofia, Universidade Católica Portuguesa, v. 1, p. 357-371, 2005.
- _____. *Lingua, nación e identidade*. Santiago de Compostela: Laioveneto, 2006.

- GARCÍA TURNES, Beatriz. A orixe do galego segundo Francisco Adolfo Varnhagen, editor do *Cancioneiro da Ajuda*". *Madrygal*, Madrid, n. 5, p. 53-60, 2002.
- _____. José Leite de Vasconcellos e o *co-dialecto galego*. *Verba*, Santiago de Compostela, n. 30, p. 367-397, 2003.
- HERMIDA, Carme. Galego e portugués durante o século XIX. En *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, p. 107-119, 1996.
- LAPA, Manuel Rodrigues. *Lições de Literatura Portuguesa*. Coimbra: Coimbra Editora, 1977.
- _____. *Estudos Galego-Portugueses*. Lisboa: Sá da Costa, 1979.
- LEÃO, Duarte Nunes de. *Ortografia e Origem da Língua Portuguesa*. Introdução, notas e leitura de Maria Leonor Carvalhão Buescu. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1983.
- LORENZO, Ramón. Limiar. En Afonso X o Sabio: *Cantigas de Santa María*. Edición crítica de Walter Mettmann. Vigo: Xerais, v. 1, p. 7-13 , 1981.
- MAIA, Clarinda de Azevedo. *História do Galego-Português*. Coimbra: INIC, 1986.
- MARQUES, Maria Alegria et al. (orgs.). *Correspondência de Rodrigues Lapa. Seleção (1929-1985)*. Coimbra: Minerva, 1997.
- MICHAËLIS DE VASCONCELLOS, Carolina. A Galliza, centro de cultura peninsular de 800 a 1135. Santiago de Compostella, foco onde desabrochou o lyrismo gallego-português". En *Cancioneiro da Ajuda*. Edição crítica e commentada por... Halle: Max Niemeyer, v. 2, p. 769-835, 1904.
- MONTEAGUDO, Henrique. Portugués e galego nos gramáticos portugueses do quiñentos. En Dieter KREMER (ed.): *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Université de Trèves 1986)*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, v. 5, p. 144-158, 1988.
- _____. Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)". En Elvira FIDALGO & Pilar LORENZO (orgs.): *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*. Santiago de Compostela: CILL Ramón Piñeiro, p. 169-185, 1994.
- MURGUÍA, Manuel. *En prosa. Textos en galego*. Oseiro-Arteixo: Asociación 'Manuel Murguía', 1996.
- NOGUEIRA, Camilo. Sobre as orixes da cuestión nacional galega: a división de Gallaecia e a creación do Estado portugués". *A Trabe de Ouro*, Santiago de Compostela, n. 25, p. 11-25; e n. 26, p. 59-79, 1996.
- _____. O Galego-Português-Brasileiro e a Política Linguística na Galiza. *Agália*, n. 62, p. 111-117, verão 2000.

- _____. *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*. Vigo: Xerais, 2001.
- _____. A independencia e a universalidade da lingua galega. En X. R. FREIXEIRO, M. RÍOS e L. FILLOY (eds.): *Lingua e Comunicación. IV Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC, p. 15-30, 2008.
- NUNES, José Joaquim. *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa*. Lisboa: Clássica Editora, 1989.
- OLIVEIRA, Fernão de. *Gramática da Linguagem Portuguesa (1536)*. Edição crítica, semidiplomática e anastática por Amadeu Torres e Carlos Assunção. Lisboa: Academia das Ciências de Lisboa, 2000.
- PENA GRAÑA, Andrés. O reino de Galicia na Idade Media. *Terra e Tempo*, n. 1, p. 5-15, 1995.
- PENSADO, José Luís. *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*. A Coruña: La Voz de Galicia, 1985.
- PIÑEIRO, Ramón. Carta a don Manuel Rodrigues Lapa. *Grial*, n. 42, p. 389-402, 1973.
- QUEIZÁN, Mª Xosé. A falacia do galego-portugués. *A Nosa Terra*, Vigo, nº 776, p. 26-27, 1-5-1997.
- REIS, Joaquim. A legitimidade da designação de galego-português. Resposta a María Xosé Queizán. *A Nosa Terra*, Vigo, nº 785, 3-7-1997.
- RISCO, Sebastián. *Presencia da lingua galega*. A Coruña: O Castro, 1973.
- RISCO, Vicente. *Manuel Murguía*. Vigo: Galaxia, 1976.
- ROCHA, Júlio César Barreto. O Brasil fala a língua galega. *Análise empresarial. Revista Galega de Economía e Ciencias Sociais*, n. 28, p. 127-135, 1998.
- SARMIENTO, Fray Martín. Carta en respuesta al Rydmo. P. M. Esteban de Terreros. En José Luis PENSADO (ed.): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, p. 19-41, 1974.
- _____. *Elementos etimológicos según el método de Euclides*. Edición y estudio por J. L. Pensado. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1998a.
- _____. *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Edición y estudio de J. L. Pensado. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, v. 2, 1998b.
- SILVA NETO, Serafim da. *História da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Presença, 1979.
- SMITH, Colin. Galicia, todo un reino. En *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, p. 735-744 , 1996.
- VÁZQUEZ CORREDOIRA, Fernando. *A construção da língua portuguesa frente ao castelhano. O galego como exemplo a contrario*. Santiago de Compostela: Laiovento, 1998.
- WILLIAMS, Edwin B. *Do Latim ao Português*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro, 1975.

NOTAS

¹ Véxanse máis dúas citas: “Así, la lengua portuguesa pura no es otra que la extensión de la gallega, y que después se cargó de voces forasteras, moriscas, africanas, orientales, brasileñas, etc., como se puede ver en Bluteau. Y si a este origen del puro portugués hubiese atendido Duarte Núñez no nos dijera que tales y tales voces eran antiquísimas y peculiares de Portugal. Las voces *saudades*, *magoa* y *mixiriqueiro*, que creo pone por ejemplo, son latinas y siempre han sido gallegas” (SARMIENTO, 1974, p. 30); “¿Será creíble que ese *Duarte* escriba en el citado librejo, que la *lengua portuguesa* tiene muy poco de la *castellana* y nada de la *gallega*? ¿Ese escritor escribía para *brasileños*, *guineos*, *mandingos*, y *monicongos*, no para los castellanos y *gallegos* racionales que tienen dos dedos de frente” (SARMIENTO, 1998a, p. 144).

² Véxase a este respecto FREIXEIRO (2002, p. 81-83) e sobre todo FREIXEIRO (2006, p. 39-51), onde se dá conta de diferentes controversias mantidas por estes ilustrados galegos con autores portugueses a respecto da lingua.

³ En *La Hoja del Lunes* da Coruña, de 10 de outubro de 1960, afirma: “Personalmente creo que tan importante como estas relaciones con la Academia de la Lengua son las que cabe establecer con los países de ‘habla gallega’, concretamente Brasil y Portugal”.

⁴ Esta proposta de Lapa nace, como el mesmo di a seguir, do seu “entranhado amor pela Galiza”, que demostrou noutras moitas ocasións, como nunha palestra de 1971: “A Galiza é para nós, portugueses, a velha irmã esquecida, que se conhece por ser parecida connosco, mas a quem se não dá, afora uma ou outra alusão de poetas, a importância que merece. Sucedeu que essa irmã, da herança comum, guardou religiosamente o pecúlio mais antigo, tesouro esse que devemos conhecer, se quisermos interpretar bem Portugal. Aqui viemos com esse intuito: explicar aos que nos ouvem que Portugal não pára nas margens do Minho: estende-se naturalmente, nos domínios da paisagem, da língua e da cultura, até às costas do Cantábrico” (LAPA, 1979, p. 27).

⁵ Xa o Padre FEIJOO (1984, p. 92) indicara que o reino da Galiza comprendía na época medieval unha boa parte de Portugal e que o idioma común non se formou “promiscuamente” a un tempo nos dous territorios, mais da Galiza pasou a Portugal, e non ao revés, porque durante a unión dos dous reinos no governo suevo a Galiza era a nación dominante por teren nela o seu asento e corte aqueles reis.

⁶ Parece, igualmente, interesante citarmos a afortunada expresión de Piel de Gallaecia Magna, ou Maior, definidora da área inicial do galego-portugués, a que lle atribúe como límite meridional a ría de Aveiro (CASTRO, 1991, p. 167).